

## **BLOQUE 2: S.XVIII**

### **Tema 9: A ILUSTRACIÓN EN ESPAÑA**

Coa chegada dos Borbóns a España no século XVIII intróduce un novo modelo de organización política con fortes tendencias centralizadoras, baseadas no absolutismo francés. Polo tanto, no noso país, iníciase con eles plenamente o **ANTIGO RÉXIME**<sup>1</sup>.

O sistema do Antigo Réxime foi posto en entredito por unha serie de pensadores na denominada Ilustración.

#### **IDEAS DA ILUSTRACIÓN ESPAÑOLA:**

As **ideas da Ilustración** defendían o coñecemento baseado na razón para loitar contra a superstición e a ignorancia, o fomento das ciencias experimentais, o interese pola educación e o espírito crítico. Consideraban que a sociedade máis a política debía ser reformada para lograr un maior progreso, benestar e felicidade.

Nunha organización social racional débese respectar a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigas de cada persoa. Estas ideas cuestionan os fundamentos da sociedade estamental, baseada na desigualdade e os privilexios.

A defensa da liberdade tamén marcou o pensamento económico e político, apostando polas liberalizacións para fomentar o desenvolvemento. Así foron partidarios da liberdade de comercio e opuxéronse ao réxime señorial que convertía en propiedades invendibles (amortizadas) as que pertencían á Igrexa ou á nobreza.

Así, na procura dos seus obxectivos, os ilustrados españois propuxeron proxectos de reforma que buscaban solucionar os problemas que identificaban na España do século XVIII: a ignorancia, o atraso económico, a debilidade da agricultura, os privilexios estamentais ou as formas de goberno, entre outros.

#### **OS ILUSTRADOS EN ESPAÑA:**

Os ilustrados en España foron unha minoría culta formada por nobres, funcionarios, burgueses e cregos. O seu afán reformista levounos a chocar coa Igrexa, gran parte da aristocracia e incluso o pobo, que seguía apegado aos valores tradicionais. A maioría deles, optou

---

<sup>1</sup> ANTIGO RÉXIME: termo empregado polos revolucionarios franceses para referirse ao sistema político, económico e social imperante en Europa dende o século XVII ata a Revolución Francesa. Caracterízase por un sistema político baseado na monarquía absoluta, onde o monarca tiña todo o poder. O sistema económico era eminentemente agrario de subsistencia, onde a agricultura e gandaría seguía a ser a base da economía e principal fonte de riqueza; apenas había desenvolvemento de industria artesanal, sobre todo no noso país. A sociedade era estamental, dividida en privilexiados que vivían do traballo dos non privilexiados. O reinado dos primeiros Borbóns, no século XVIII, é o máximo expoñente deste sistema no noso país.

por colaborar coa monarquía e impulsar as reformas desde o goberno. Sen embargo o seu impacto foi limitado dado que o movemento foi feble en comparanza con outros países europeos.

Hai 2 etapas diferenciadas na influencia da Ilustración en España: introdución deste movemento a través do saber académico e o reinado de Carlos III:

➤ PRIMEIRA METADE DO S.XVIII:

- Destaca o labor do **padre Feijoo** e de **Mayans**. A súa principal achega foi a recompilación enciclopédica do saber da época, cuestionando ademais algúns valores tradicionais.
- Durante este primeiro período creáronse as principais Academias, como a Real Academia da Lingua, Medicina, das Artes de San Fernando, etc. Así tamén institucións como o Xardín Botánico ou o Gabinete de Historia Natural.

➤ REINADO DE CARLOS III E O DESPOTISMO ILUSTRADO:

- Na segunda metade do século destaca o **reinado de Carlos III** (1759-1788) é o exemplo do chamado **DESPOTISMO ILUSTRADO**<sup>2</sup>. O monarca Carlos III será o máximo representante desta vertente, levando a cabo numerosas reformas que tiñan como obxectivos fundamentais a mellora das condicións económicas e administrativas, pero non a transformación das bases sociais e políticas.

Carlos III, que tivera contacto coa Ilustración en Nápoles, rodeouse de políticos ilustrados como o conde de Aranda, o conde de Floridablanca, Campomanes, **Melchor de Jovellanos** ou Olavide para impulsar os seus plans de modernización.

- Creáronse as Sociedades Económicas de Amigos do País, que promovían a modernización da economía das distintas rexións de España.

Durante o seu reinado promovéronse reformas de numerosas infraestruturas, creando centos de kilómetros de estradas, construción de pontes e canles de auga. Ademais, con el engalanouse o centro da cidade de Madrid, construíndose gran parte dos referentes desa cidade, como o Paseo do Prado, a Cibeles ou a Porta de Alcalá, baseado nun urbanismo de corte racional.

- Continuouse coa política regalista iniciada polos Borbóns, o chamado Regalismo Borbónico, política de control e limitación do poder da Igrexa católica. Afirmaba a superioridade da autoridade dos reis sobre a Igrexa do territorio sobre o que reinaban.
  - Medidas: “o padroado rexio” ou dereito do rei de presentar ou nomear candidatos para ocupar sedes eclesiásticas vacantes, e o “placet”, dereito do rei a autorizar a publicación e divulgación dos escritos papais no propio reino. Limitación do poder da Inquisición.

---

<sup>2</sup> DESPOTISMO ILUSTRADO: termo referido a aquelas políticas levadas a cabo por unha serie de monarcas influídos polas ideas da Ilustración, realizando reformas que transformasen certos problemas da sociedade. Para lograr os cambios non se consideraba necesario contar coa opinión do pobo, xa que os consideraban demasiado ignorantes para entender que melloras necesitaban. Esta idea queda reflectida no lema “Todo para o pobo, pero sen o pobo”. A monarquía de Carlos III en España considérase o máximo expoñente desta tendencia, rodeándose dunha serie de ministros como Campomanes e Jovellanos, e realizando reformas de carácter económico, administrativo e social.

- A medida regalista máis radical foi a EXPULSIÓN DOS XESUÍTAS e a confiscación de todos os seus bens en 1767, durante o reinado de Carlos III, polo seu voto de obediencia ao Papa e baseándose na acusación de que promoveran conspiracións políticas como o motín de Esquilache.
- Un dos momentos máis críticos do seu reinado foi o MOTÍN DE ESQUILACHE: revolta popular acontecida en Madrid en 1766 contra as medidas promulgadas polo ministro de Carlos III, o marqués de Esquilache, de orixe italiano, que pretendían mellorar a orde pública e a seguridade na capital. O motín tivo como detonante a publicación dunha normativa que prohibía o uso da capa longa e o sombreiro de ala ancha (xa que permitían ocultar de noite a identidade e as armas). As revoltas provocaron a dimisión do ministro. As verdadeiras causas do motín son profundas: crise de subsistencia (descontento social pola carestía do pan), a xenofobia ante a abundancia de ministros italianos e a oposición ás medidas reformistas da coroa por parte da nobreza e o clero. A consecuencia inmediata foi o decreto de expulsión dos xesuítas do país, acusados de organizar o motín.

O temor provocado na Coroa pola Revolución Francesa motivará a paralización da axenda reformista e o abandono da Corte algúns colaboradores ilustrados como Campomanes e Jovellanos. Con todo, da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal español que será protagonista a partir de 1808 e apostará pola ruptura co Antigo Réxime.

#### BIBLIOGRAFÍA E ENLACES WEB:

AAVV *Historia de España. 2º Bacharelato*. Baia Edicións

AAVV *Historia de España. 2º Bacharelato*. Edit. Anaya.

<https://humanidades.com/ilustracion-en-espana/>

[Educativa. LLegada de la Ilustración a España](#)